



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



af
Alliance Française
Espagne



INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DO *DELF ESCOLAR* EN GALICIA CURSO 2019/2020

1-. Que é o *DELF Escolar* ?.

Os diplomas *DELF* (*Diplôme d'Études en Langue Française*¹) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. A súa validez é indefinida.

O alumnado dos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia pode presentarse ás probas para a obtención deste diploma ao abeiro dun **convenio de colaboración** entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España (SCAC) polo que se implantou o diploma *DELF Scolaire -DELF Escolar-* en Galicia.

O diploma *DELF Escolar* ten a mesma validez oficial que o *DELF* para adultos. As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado tras a sinatura do convenio de colaboración entre as autoridades educativas.

No ámbito académico, as certificacións *DELF* favorecen a mobilidade estudiantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o *DELF B2* constitúe un acceso directo ás universidades francesas e permite obter unha bolsa *Erasmus*.

Os niveis ofertados no *DELF Escolar* corresponden aos niveis A2, B1 e B2 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)*. As probas de acceso aos diferentes niveis son independentes e o alumno/a decide o nivel no que se matricula.

Cada diploma avalía as 4 destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escritas e comprensión e expresión orais. Para obter o diploma deberanse acadar 50 puntos sobre 100 no conxunto da proba. A nota mínima en cada destreza é de 5/25. A nota dunha destreza pode compensar unha nota máis baixa noutra destreza.

Está implantado en Galicia desde o curso 2016/2017 cun éxito salientable. Véxase, a continuación, a taxa de aprobados na edición 2019:

¹ *Diploma de Estudos en Lingua Francesa.*



2-. Que alumnado poderá presentarse ao *DELF Escolar* ?

Todos aqueles alumnos e alumnas de centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de Francés como primeira ou segunda lingua estranxeira, estean matriculados nunha Sección Bilingüe en Francés ou cursen o programa de Bacharelato de dobre titulación *BachiBac*.

3-. Onde se realizan as probas do *DELF Escolar* ?.

As probas do *DELF Escolar* realizaranse nos seguintes centros educativos:

A Coruña: IES Eusebio da Guarda
Santiago de Compostela: IES Xelmírez I
Lugo: IES Nosa Señora dos Ollos Grandes
Ourense: IES Blanco Amor
Pontevedra: IES Sánchez Cantón
Vigo: IES Santo Tomé de Freixeiro



Cada un destes centros está vinculado a un centro oficial das Alianzas Francesas de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) -acreditados por *France Education international*- que conta con profesorado con formación pedagóxica específica habilitado oficialmente como persoa examinadora e correctora do *DEL F*.

4-. Proceso de inscrición do alumnado e prazo de matrícula.

4.1. O prazo de matrícula é do **3** ao **27** de **febreiro** de 2020 na Alianza Francesa correspondente.

4.2. Os **centros** que **non** presentaran aos seus alumnos na anterior convocatoria deberán enviar o **Anexo I** á dirección de correo electrónico annette.maxime@institutfrançais.es antes do **17 de xaneiro de 2020** ademais de formalizar posteriormente a súa matrícula na Alianza Francesa correspondente.

4.3. A matrícula do alumnado realizarase mediante unha plataforma *on-line* deseñada a tal efecto. O enlace e as modalidades serán enviadas pola Alianza Francesa correspondente aos centros educativos a finais de xaneiro de 2020.

4.4. Unha vez formalizada a matrícula, as Alianzas Francesas remitirán á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional un listado cos datos do alumnado e dos centros participantes.

4.5. As Alianzas Francesas de A Coruña, Santiago e Vigo convocarán os centros e alumnado interesados no lugar de realización das probas que lles corresponda nas datas previstas.

5-. Cando ten lugar a convocatoria?.

O diploma *DEL F* ofrece unha convocatoria anual que, **para o curso 2019/2020**, terá lugar nas seguintes datas:

DEL F SCOLAIRE Niveau	PROBAS ESCRITAS (COLECTIVAS)	PROBAS ORAIS (INDIVIDUAIS)	TARIFAS
DEL F <i>Scolaire</i> A2	Xoves 7 de maio 17h00 a 18h40	Entre o luns 27 de abril e o martes 19 de maio.	70,00 €
DEL F <i>Scolaire</i> B1	Mércores 6 de maio 17h00 a 18h55		92,00 €
DEL F <i>Scolaire</i> B2	Xoves 7 de maio 17h00 a 19h30		108,00 €

Data da publicación das notas do 15 ao 24 /06/2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



6- Información de interese

<https://www.delf-dalf.es/delf-scolaire/delf-escolar>

6.1. Modelos de exames do DELF:

<https://www.delf-dalf.es>

6.2. Adscrición dos centros de realización de probas segundo as provincias ás Alianzas Francesas de Galicia:

PROVINCIAS	CENTRO OFICIAL CORRESPONDIENTE	CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS
A CORUÑA	Alianza Francesa de A Coruña	IES Eusebio da Guarda
	Alianza Francesa de Santiago	IES Xelmirez I
LUGO	Alianza Francesa de A Coruña	IES Nosa Señora dos Ollos Grandes
OURENSE	Alianza Francesa de Santiago	IES Blanco Amor
PONTEVEDRA	Alianza Francesa de Vigo	IES Santo Tomé de Freixeiro IES Sánchez Cantón

6.3. Alianzas Francesas en Galicia

Nas web das Alianzas Francesas poderase atopar máis información sobre as modalidades de pago, as follas de inscrición e o procedemento de matrícula do alumnado candidato.

Os centros de exame (as Alianzas Francesas) están dispostos a desprazarse aos centros educativos para dar ao profesorado unha sesión informativa sobre as probas do *DELFL*.

Alliance Française de A Coruña

Rúa Real, 26-1º

15003 A Coruña

Teléfono: 981 222 356

Correo electrónico: deldalf@afcoruna.com

Alliance Française de Santiago de Compostela

Plaza de Vigo, 2 bajo

15701 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 56 16 39

Correo electrónico: delf@afsantiago.es



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL**

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



Alliance Française

Espagne



Alliance Française de Vigo

Rua República Argentina, 22-1º

36201 Vigo

Teléfono: 986 436 109

Correo electrónico: delfscolaire@alliancevigo.org
